Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 2021-1706 de 08/11/2021 e unha vez examinada a Acta de apertura de proposicións, fora adxudicada a execución da obra, por seren a oferta máis vantaxosa, á Empresa CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., con CIF. B-27156801, e domicilio social en Costa do Castro núm.1, portal 1,Entreplanta A,(27780 FOZ) e na súa representación a D. José Saa Saa, con NIF. Núm. 33820023-H,no prezo de Duascentas dezasete mil setecentos doce euros con vinte e un céntimos (217.712,21) e Corenta e cinco mil setecentos dezanove euros con cincuenta e seis céntimos (45.719,56) correspondente o IVE (21%), facendo un total de DUASCENTAS SESENTA E TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E UN EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (263.431,77) e unha mellora de obra consistente en 40.775,25 m2de rega de selaxe a base de 1,2 kgs. de ligante,tipo ECR-3 e 3 l. de area lavada para protección contra a rodadura (Proposta 1)a un prezo unitario de 1,02 m2, que serán abonados dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición de certificacións de obra executada, que serán expedidas pola Dirección facultativa ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou dotal do contrato. Durante o prazo de vixencia do contrato non terá lugar a revisión do prezo.

*Visto que o contrato fora asinado o día 19/11/2021.*

*Visto que posteriormente, o día 23/05/2022, D. José Saa Saa, en representación da empresa CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., presentou unha solicitude de resolución do contrato, que foi rexistrada de entrada co núm. 2022-E-RE-218, e no que solicitan a resolución , por mutuo acordo, do contrato da obra "REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZÁ,(272/2021) , debido ó incremento de todos os materiais (aproximadamente un 36,69%), especialmente o combustible e a emulsión,está experimentou dende a sinatura do contrato, un incremento do 60,67%, e que todo isto viña a supoñer unha alteración da viabilidade económica do mesmo de máis do 20%.*

*Visto que por esta Alcaldía foron achegadas, ós diferentes licitadores presentados e por orde de puntuación, cartas de invitación por se*



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 37

*estaban interesados na execución da obra, tal e como queda constancia no expediente, e que foron no seguinte orde:*

| NÚM | EMPRESA | OFERTA ECONÓMICA | OFERTA TOTAL | PUNTOS OFERTA | PUNTOS MELLORA | TOTAL PUNTOS | DATA DE INVITACIÓN | RESULTADO ECONÓMICA PARA EXECUTAR OBRA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | T.A.ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L. | 225.450,72 | 272.795,37 | 4,27 | 90 | 94,27 | 24/05/22 con num. Saída 446 | REXEITADA el 25/05/22 con núm. Entrada 220 |
| 2 | ECOASFALT | 227.700,00 | 275.517,00 | 2,60 | 90 | 92,60 | 25/05/22 con num. Saída 448 | REXEITADA el 25/05/22 con núm. Entrada 223 |
| 3 | RAMSEI S.L. | 231.231,50 | 279.790,12 | 0 | 70 | 70 | 26/05/22 con num. Saída 449 | REXEITADA el 25/05/22 con núm. Entrada 227 |
| 4 | CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L. | 224.063,22 | 271.116,62 | 5,30 | 0 | 5,30 | 27/05/22 con num. Saída 458 | ACEPTADA el 03/06/22 con núm.243 |
| 5 | GRUPO BASCUAS | 225.450,71 | 272.795,36 | 4,28 | 0 | 4,28 | --- | --- |

*Visto que as empresas Hermanos Blanco Trigo, S.L., Ecoasfalt e Ramsei, S.L.,que ocupaban os postos dous, tres e catro, respectivamente, contestaron mediante escritos rexistrados de entrada cos núm.220, 223 e 227, respectivamente, indicando que, debido á citada suba e á falta de dispoñibilidade, renunciaban á execución da citada obra.*
*Visto que á Empresa Construcciones Isidro Otero S.L., mediante escrito de data 03/06/2022, que foi rexistrado de entrada con núm. 243, indicou que estaba interesado na execución da obra. Esta Alcaldía, dada a urxencia para o inicio das mesmas, tendo en conta que o primeiro contratos fora asinado no mes de novembro do pasado ano, e en uso das facultades que lle veñen conferidas pola lexislación vixente, RESOLVE: PRIMEIRO.-Aceptar a solicitude de CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., para a Resolución de mutuo acordo do contrato asinado o día 19/11/2021, para a execución da obra "REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZÁ".*
*SEGUNDO.- Adxudicar a CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L., con CIF. B27250182, e con domicilio social en R/Valiñadares núm.8(27748 Mondoñedo), con núm.1558 no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, e na súa representación a D. Isidro Otero Bello, con NIF. Núm. 33.304.681-Z, a execución da obra "REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZÁ,(272/2021) co seguinte importe sen IVE, Douscentos vinte e catro mil sesenta e tres euros con trinta de dous céntimos (224.063,32), un IVE de corenta e sete mil cincuenta e tres euros con trinta céntimos(47.153,30.-) e un importe total de DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (271.116,62.-).*
*TERCEIRO.- Comunicar a CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L., con CIF. B-27250182, e con domicilio social en R/Valiñadares núm.8 (27748*



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 37

*Mondoñedo) e na súa representación a D. Isidro Otero Bello, con NIF. Núm.33.304.681-Z, que deberá presentar , como trámite previo á sinatura do contrato e no prazo de sete días hábiles a partir da notificación do presente acordo, o xustificante da constitución da garantía definitiva que supón o 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto do valor engadido, ascendendo polo tanto a Once mil douscentos tres euros con dezasete céntimos (11.203,17).*
*Igualmente, de conformidade co disposto na cláusula Terceira dos pregos, deberá presentar os certificados de estar ó día nas súas obrigacións coa Axencia Tributaria, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesourería da Seguridade Social así como a Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe que corresponda e xustificante do ultimo recibo ou, no seu caso, certificación a AEAT de estar exento, e documentación acreditativa da subcontratación, no seu caso.*
*CUARTO.-Notificar o presente acordo á empresa Construcciones y Canalizaciones Jose Saa S.L. , para o seu coñecemento e efectos oportunos.*
*QUINTO.- Notificar o presente acordo á empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L, e na súa representación a D. Isidro Otero Bello, indicándolle que se lle citará oportunamente para a sinatura do contrato que terá lugar na Casa Consistorial no prazo máximo de quince días dende a notificación da presente Resolución e unha vez presentada a documentación requirida.*
*SEXTO.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Publico , comprendendo a información a publicar, o seu obxecto, duración, importe, incluído o IVE., e a identidade do adxudicatario asi como na plataforma de contratación da Xunta de Galicia.*
*SÉTIMO.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, para a súa aprobación polo Concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde do director facultativo da obra D. Enrique Cacicedo Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos. Despois de realizar este trámite procederase á acta de implantación e inicio da obra.*
*OITAVO.- Ratificar a presente Resolución pola Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que se celebre. Mando e asino a presente Resolución en Lourenzá a seis de xuño do dous mil vinte e dous."*

A.2)SOLICITUDE DE CONSTRUCCIONES E CANALIZACIONES JOSE SAA, SL. PARA DEVOLUCIÓN AVAL BANCARIO POLA OBRA "*REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZA".*

Vista a solicitude de devolución de aval bancario presentada pola Empresa Construcciones y Canalizaciones Jose Saa, S.L. con CIF. B-27156801, con domicilio en Rúa Costa do Castro, núm.1-1(27780 FOZ),

Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 37

de data 07/06/2022, con núm. de rexistro de entrada 2022-E-RE-246, e como garantía para a execución da obra *“REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZA”,* (Expdte. 272/2021), segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Enrique Cacicedo Herrero

Visto que Construcciones y Canalizaciones Jose Saa, S.L., por Resolución da Alcaldía 2021-1706 de data 08/11/2021 resultou adxudicatario da obra *“REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZA”, no prezo (IVE incluido) de Douscentos sesenta e tres mil catrocentos trinta e un euros con setenta e sete céntimos (263.431,77)* e en consecuencia depositou, con data 05/11/2022, Aval Bancario de ABANCA, núm. 670872, por importe de DEZ MIL OITOCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (10.885,61.-).

Visto que Construcciones y Canalizaciones Jose Saa, S.L., solicitou con data 23/05/2022, e escrito Núm. 2022-E-RE-218, a resolución do contrato de mutuo acordo motivado polo incremento de todos os materiais, especialmente o combustible e a emulsión e que viña a supoñer unha alteración da viabilidade económica do mesmo de mais dun vinte por cento.

Visto que por Resolución da Alcaldía de 06/06/2022 acordou a resolución do contrato de mutuo acordo, por existir causas xustificadas de conformidade co disposto na lexislación vixente.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

Primeiro.- A devolución á empresa Construcciones y Canalizaciones Jose Saa, S.L.,con CIF. B-27156801, do Avala Bancario de ABANCA, con núm. 670872 de inscrición no Rexistro Especial de Avais, con data 05/11/2021.

Segundo.- Comunicar dito acordo ós servizos de Tesourería do Concello así como á empresa Construcciones y Canalizaciones Jose Saa, S.L., para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A.3.-) APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *“REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZA”.*

Visto o Plan de Seguridade e Saude presentado pola Empresa CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L. con CIF. B-27250182, adxudicatario das obras de REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZA”

Visto o Informe favorable do Plan de Seguridade e Saúde emitido por D. José Enrique Cacicedo Herrero,Enxeñeiro de camiños e Director das obras de referencia de data 9/06/2022.

Visto o Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 37

(BOE. 25/10/97) e de conformidade co establecido en el artigo 7.2, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra "REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZA"

Segundo.- Notificar o presente acordo a Construcciones Isidro Otero, S.L. para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

*B)APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ.*

Finalmente e en relación coa obra PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ, visto o proxecto modificado,de data Maio/2022, presentado polo director técnico da obra, D. Nicanor Piñeiro Sampedro, enxeñeiro técnico industrial, colexiado núm.83, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal acorda aprobar a Modificación de Proyecto de Reforma e Instalaciones en Nave Multiusos en Recinto Ferial de Lourenzá, cun total de presuposto de contrata de douscentos noventa e oito mil setecentos dos euros con vinte e un céntimos (298.702,21.-)

**Expediente 344/2020. EXPEDIENTE 344/2020. ARI 2020- FASE 10ª-PLAN 2018-2021- INFORME ARQUITECTA ARI PARA CUALIFICACIÓN PROVISIONAL COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICO REGO VILAZO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**A)CORRECCIÓN ACORDO XGL DE 20/05/2022 REFERENTE Ó FINANCIAMENTO OBRA URBANIZACIÓN PLAN DE ADAPTACIÓN E SUPRESIÓN BARREIRAS ADAPTACIÓN PASOS PEATONES. PEV 2018-2021-10ª FASE.**

Visto que pola Arquitecta do A.R.I. indicouse que houbera un erro na información sobre o financiamento da obra de reurbanización incluída na 10ª Fase – Anualidade 2020 do Acordo de Comisión Bilateral de 29/10/2020 relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana, Casco Antigo de Lourenza e Zonas de Respecto,Plan Estatal Vivenda (PEV)2018-2021 posto que se incluíra unha subvención por parte da Comunidade Autónoma de 2.100,00 euros, e esta cantidade é errónea, posto que soamente conta co financiamento do Ministerio de Vivenda cun importe de dez mil (10.000,00) euros e tamén no que se refire ó prazo de execución, que é de tres(3) meses e non de dous como figuraba na dita información e, en consecuencia,



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 37

como constaba no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión anterior, de data 20/05/2022.

Así pois a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal rectificar dito acordo, que quedaría redactado da seguinte forma:

"Visto que é necesario que polo Concello se proceda á aprobación e inclusión das obras de Urbanización-Reurbanización na Área de Rehabilitación Integral para o presente exercicio 2022 e que corresponde á 10ª Fase – Anualidade 2020 do Acordo de Comisión Bilateral de 29/10/2020 relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana, Casco Antigo de Lourenza e Zonas de Respecto,Plan Estatal Vivenda (PEV)2018-2021.

Visto que pretendese incluír o proxecto denominado *"PLAN DE ADAPTACIÓN Y SUPRESIÓN DE BARRERAS. ADAPTACIÓN DE PASOS DE PEATONES"*, redactado pola arquitecta do A.R.I., Dª. Marta Sánchez Seivane,de data 06/05/2022,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.-Aprobar o Proxecto técnico denominado *"PLAN DE ADAPTACIÓN Y SUPRESIÓN DE BARRERAS. ADAPTACIÓN DE PASOS DE PEATONES"*, de data Maio 2022, presentado pola arquitecta del ARI, Dª. Marta Sánchez Seivane, colexiada num. 2796 del COAG, presenta un presuposto que ascende á cantidade de Trinta e cinco mil setecentos cincuenta e tres euros con dezanove céntimos (35.753,19.-) e Sete mil cincocentos oito euros con vinte e un céntimos (7.508,21.-) de IVE, resultando un presuposto total de execución por contrata de CORENTA E TRES MIL DOUSCENTOS SESENTA E UN EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (43.261,60.-).

SEGUNDO.- Incluír o proxecto denominado *"PLAN DE ADAPTACIÓN E SUPRESIÓN DE BARRERAS. ADAPTACIÓN DE PASOS DE PEATONES"*,como actuación de Reurbanización a executar polo Concello na 10ª Fase, ó abeiro do acordo da Comisión Bilateral de data 29/10/2020, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana, Casco Antigo de Lourenza e Zonas de Respecto-10ª FASE-Anualidade 2020,Plan Estatal Vivenda (PEV)2018-2021 co seguinte financiamento:

| RÚA/PRAZA | DESCRICIÓN ACTUACIÓN | VALOR ESTIMADO (SIN IVE) EUROS | PRESUPOSTO CON IVE | PRAZO EXEC. MESES | SUBVENCIÓN PREVISTA MINISTERIO VIVENDA EUROS | SUBVENCIÓN PREVISTA CC.AA. EUROS | PREVISIÓN ANUALIDADE SUBV. MINISTERIO 2022 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ÁREA REHABILITACIÓN | REURBANIZACIÓN | 35.753,39 | 43.261,60 | 2 | 10.000,00 | ------- | 10.000,00 |

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo a Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo, solicitando a Cualificación Provisional para dita actuación ao abeiro do programa de *Área de Rexeneración e*



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 37

*<u>Renovación Urbana, Casco Antigo de Lourenza e Zonas de Respecto-10ª FASE-Anualidade 2020,Plan Estatal Vivenda (PEV)2018-2021.</u>*

<u>CUARTO.-</u> Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**<u>B) SOLICITUDE CUALIFICACIÓN PROVISIONAL OBRA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO REGO VILAZO.</u>**

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal da oficina de rehabilitación integral (ARI), Dª. Marta Sánchez Seivane, de data 23/06/22 así como a certificación das actuacións na Área de Rehabilitación do casco antigo de Lourenzá e zona de respecto a incluír na 10ª Fase, ó abeiro do acordo da Comisión Bilateral de data 29/10/2020, relativo áÁrea de Rexeneración e Renovación Urbana, Casco Antigo de Lourenza e Zonas de Respecto-10ª FASE-Anualidade 2020,Plan Estatal Vivenda (PEV)2018-2021.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

<u>PRIMEIRO.-</u>Aprobar, de conformidade con dito informe, a relación das actuacións na Área de Rehabilitación do casco antigo e zona de respecto, segundo o acordo da Comisión Bilateral de data 29/10/2020, relativo a <u>Área de Rexeneración e Renovación Urbana Casco Antigo de Lourenzá e Zonas de Respecto(Lourenzá)-Comunidade Autónoma de Galicia - Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, Anualidade 2020, FASE 10ª,</u>de conformidade co cadro facilitado pola arquitecta sendo o seu resumo o seguinte:

| PROMOTOR | NIF/CIF | ENDEREZO INMOBLE | TIPOLOXÍA | NÚMERO VIVENDA | REFERENCIA CATASTRAL |
|---|---|---|---|---|---|
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO REGO VILAZO | H27264274 | Campo da Feira,núm.2 | Residencial colectiva | 7 | 7646207PJ3174N0011HZ<br>7646207PJ3174N0004SJ<br>7646207PJ3174N0005DK<br>7646207PJ3174N0006FL<br>7646207PJ3174N0007GB<br>7646207PJ3174N0008HZ<br>7646207PJ3174N0009JX |

| PROMOTOR | ORZAMENTO EUROS | I.C.I.O EUROS | TAXAS EUROS | SUBVENCIÓ OBRAS | SUBV. ICIO (95%) | SUBV. TAXA (100%) | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO REGO VILAZO | 22.377,31 | 743,58 | 53,47 | 10.237,73 | 706,40 | 53,47 | 10.997,60 |

<u>SEGUNDO.-</u>Achegar certificación do presente acordo a Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo, solicitando a <u>Cualificación Provisional</u> das solicitudes ao abeiro do programa de Áreas de Rehabilitación Integral.

<u>TERCEIRO.-</u>Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 37

**Expediente 263/2022. BASES IV CERTAME TEATRO AFECCIONADO 2022.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a proposta de data 25/05/2022, rexistrada de entrada o mesmo día co núm. 999, presentada pola Concellería de Cultura para a aprobación das Bases do IV Certame do Teatro Afeccionado "Concello de Lourenzá" 2022, que se celebraría no Concello durante os meses de novembro e decembro do ano en curso así como do orzamento do proxecto e do cobro de entrada nas ditas representacións teatrais e despois dunha breve explicación dada polo concelleiro delegado de cultura, o Sr. Arango Ron e conscientes todos os membros da Xunta de Goberno do interese que esperta o teatro entre os veciños.
Visto o orzamento presentado para dito proxecto que ascendería a CATRO MIL CATROCENTAS CINCUENTA EUROS (4.450,00.-)euros tanto en gastos como en ingresos e co seguinte desglose:

| GASTOS | EUROS | INGRESOS | EUROS |
|---|---|---|---|
| 8 GRUPOS (300,00 c/u) | 2.400,00 | ENTRADAS | 2.400,00 |
| 1º PREMIO | 750,00 | ACHEGA CONCELLO | 2.050,00 |
| 6 TROFEOS (50,00 c/u) | 300,00 | | |
| ACTUACIÓN GRUPO PROFESIONAL | 1.000,00 | | |
| TOTAL | 4.450,00 | TOTAL | 4.450,00 |

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar as BASES que rexeran o IV CERTAME DO TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZÁ"/2022 e que son as que se transcriben a continuación así como o presuposto do mesmo que ascende a Catro mil catrocentas cincuenta euros (4.450,00.-) tanto en gastos como en ingresos:
BASES DO IV CERTAME DO TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZA".
Primeira.- A concellería de Cultura do Concello de Lourenzá ( Lugo) convoca o IV CERTAME DO TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZÁ".
Segunda.- Poderán participar unicamente compañías e grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 37

en calquera das súas variantes dialectais.
Terceira.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse ben nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou ben por correo enviando a seguinte documentación:
- Ficha de inscrición que aparece na páxina Web do Concello.
-Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
-Ficha artística e técnica.
-DVD ou pendrive coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso.
Esta documentación enviarase a seguinte dirección:
Concello de Lourenzá
(IV Certame de teatro afeccionado).
Praza Conde Santo
27760 LOURENZÁ (Lugo).
Cuarta.- o prazo de presentación das solicitude comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o día 30 de setembro de 2022.
Quinta.-As representacións terán lugar no Edificio Multiusos do Concello os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de 8 actuacións (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario das representacións será establecido pola organización.
Sexta.-No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nomeados ou os representantes nos que deleguen.
Sétima.-O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.
Oitava.-Cada grupo o compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 300 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para recibir a citada cantidade, a compañía o grupo deberá presentar factura).
Novena.-Establécense os seguintes premios:
-Premio “Conde Santo” á mellor representación: 750 Euros e trofeo.
-Premio “Lourenzo” ao mellor actor: trofeo.
-Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.
-Premio mellor actor de reparto: trofeo.
-Premio mellor actriz de reparto: trofeo.
-Premio á mellor posta en escena: trofeo.
-Premio especial do público: trofeo.
O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considera oportuno.



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 37

Décima.-Os medios técnicos necesarios para a representación correrá a cargo dos participantes.
Undécima.-A xestión e o pago á SGAE polos dereitos de autor (se os houbera) correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.
Duodécima.-O Concello poderá cobrar unha entrada simbólica en cada representación, que, en todo caso, aprobará a Xunta de Goberno Local.
Trixésima.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola organización.
Décimo-cuarta.- O teléfono de contacto é 982121006 (María José).
SEGUNDO.-Fixar como prezo público a cantidade de TRES (3,00) EUROS para cada unha das representacións teatrais (agás na gala de entrega de premios, na que a entrada será gratuíta).
TERCEIRO.-Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 581/2021. SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES CULTURAIS 2022.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A continuación e neste punto da orde do día, unha vez vista a proposta formulada pola Comisión de Valoración de data 13/06/22, de conformidade co disposto nas bases quinta e sexta da convocatoria de subvencións municipais a Asociacións do Concello para a realización de Actividades Culturais durante o ano 2022 (DOGA Núm. 017 de 22/01/2022), a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu numero legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar a proposta formulada pola Comisión de Valoración e en consecuencia aprobar a concesión das seguintes axudas:

| ASOCIACIÓN | AXUDA CONCEDIDA |
|---|---|
| Asociación Club Vespa Faba y Clásicos Lourenzá | 1.034,50 Euros. |
| Asociación Patrimonio Laurentino | 1.448,30 Euros. |
| Asociación Banda de Música | 1.965,50 Euros. |
| Asociación Osorio Gutiérrez | 1.551,70 Euros. |
| TOTAL | 6.000,00 |



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 37

| | EUROS |
|---|---|

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de subvención solicitada pola *Asociación de Veciños o Refugio de San Xurxo* dado que non presentou a documentación que lle foi solicitada tal e como queda constancia no expediente.
TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás distintas Asociacións para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 283/2022. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 08/06/22 DE SOLICITUDE DE SUVBENCIÓN "CULTURA NO CAMIÑO"**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto da orde do día, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, acorda ratificar, nos termos nos que está redactada, a Resolución da Alcaldía de 08/06/2022 pola que se acorda solicitar unha subvención á Axencia Galega de Industrias Culturais ó abeiro da Resolución do do 18 de maio e 2022, (DOGA núm.107 de data 6/06/2022 da AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAIS CULTURAIS, *pola que se establecen as bases de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22:Cultura no Camiño,* sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:
*"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- Dª. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa – Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), en nome e representación quedo mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2022, publicada no DOG número 107 de data 6 de xuño de 2022, da Axencia Galega das Industriais Culturais pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22:Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2022, VEN EN RESOLVER:*
*PRIMEIRO: Solicitar á Axencia Galega de Industrias Culturais ao abeiro da Resolución do do 18 de maio e 2022, publicada no DOG número 107 de data 6 de xuño de 2022,da AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAIS CULTURAIS , pola que se establecen as bases de subvencións , en réxime de concorrencia non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia con motivo do Xacobeo 21-22:Cultura no Camiño, e se convocan para o ano 2022 unha subvención por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500 €) , IVE*



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 37

*incluído,*
*SEGUNDO: Aceptar as condicións de financiamento e demáis requisitos establecidos na Resolución do 18 de maio de 2022.*
*TERCEIRO: Compromiso de financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total de execución que ascende a cinco mil cincocentos euros (5.500 €); que se levará a cabo unha vez se reciba da Axencia Galega das Industrias Culturais a Resolución de concesión da presente subvención .*
*CUARTO :Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.*
*Mandouno e asina a Sra. Alcaldesa – Presidenta, en Lourenzá ( Lugo ) a oito de xuño de dous mil vinte e dous."*

**AUMENTO HORAS SAF DEPENDENCIA DE DON MAGIN VALIÑA BOUSO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación de 15/06/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a D. MAGIN VALIÑA BOUSO, con D.N.I. nº ****1084V, con domicilio en Vilar núm. 7 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 21-45 horas/mes das que vai pasar a percibir 45 horas/mes, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de noventa e catro euros con noventa e cinco céntimos (94,95.-) o que supón a 2,11 euros/hora, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a moficación do servizo de "Axuda no Fogar" a D. MAGIN VALIÑA BOUSO con una intensidad de 45 horas/mes.

**AUMENTO HORAS SAF DEPENDENCIA DE DONA RAMONA FERNÁNDEZ LOSADA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 37

Vista a comunicación de 23/05/22 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. RAMONA FERNÁNDEZ LOSADA, con D.N.I. nº ****3437R, con domicilio en Mogo da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 46-70 horas/mes das que vai pasar a percibir 70 horas/mes, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de douscentos vinte e seis euros con oitenta céntimos (226,80.-) o que supón 3,24 euros/hora da súa capacidade económica, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a moficación do servizo de "Axuda no Fogar" a Dª. RAMONA FERNÁNDEZ LOSADA con una intensidade de 70 horas/mes.

**Expediente 293/2022. SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LIXO DE Dª ISABEL VILLALBA SEIVANE**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 1098 de 15/01/20 subscrita por Dª. ISABEL VILLALBA SEIVANE con D.N.I. núm. ****4980H con domicilio en Pazo de Tovar núm. 3 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Pazo de Tovar núm. 3 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de Dª. María Seivane Rivas, e para que agora figure a nome de Dª. ISABEL VILLALBA SEIVANE.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2022.

**Expediente 270/2022. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DE D. FRANCISCO XABIER TRIGO MASEDA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de 23/05/22 subscrita por D. FRANCISCO XABIER TRIGO MASEDA con D.N.I. núm. ****3118A, e domicilio en Calvo Sotelo núm. 17 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Calvo Sotelo, núm. 17, Santa María, por peche de negocio a nome de **D. PEDRO TRIGO FREIRE**, por peche de negocio.
Vista a declaración censal simplificada de baixa presentada na



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 37

Axencia Tributaria.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:
Autorizar a baixa no Padrón de recollida de lixo a nome de D. Pedro Trigo Freire no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Calvo Sotelo, núm. 17 por peche de negocio.

**Expediente 311/2022. SOLICITUDE DE BAIXA DE LIXO A NOME DE GESTORÍA MOSTEIRIN.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude de 17/06/22 subscrita por D. Pastor Barcia Fernández con D.N.I. núm. ****8643S, en representación de OFICINAS ADMINISTRATIVAS con C.I.F. núm. E27151901, na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avenida de Mondoñedo núm. 1, baixo da Parroquia de Santa María, por peche de oficina, sendo titular do mesmo GESTORÍA MOSTEIRÍN.
Vista a baixa presentada con data 31/03/2022 na Axencia Tributaria, do Imposto sobre Actividades Empresariais.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, ACORDA:
Autorizar a baixa de GESTORÍA MOSTEIRÍN no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avda. de Mondoñedo núm. 1, baixo Santa María, con efectos do segundo trimestre de 2022.

**FACTURAS XUÑO 2022**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT22119 de 02/06/22 | Domingos, festivos e Sábados dependencia (119,25 horas.) | 1.982,25 |
| SERVICIOS | Núm. SSPT | Vacacións e | 4.352,40 |



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 37

| | | | |
|---|---|---|---|
| SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | 22120 de 02/06/22 | outros auxiliares(300 horas) | |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. SSPT22121 de 02/06/22 | Incidencias Dependencia (33,00 horas) | 506,39 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF. P-2700500-H | NÚM.975 de 25/05/2022 | Recollida Lixo mes Abril/2022 | 13.854,62 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF. P-2700500-H | NÚM.1206 de 25/03/2022 | Recollida Lixo mes Maio/2022 | 13.524,48 |
| **TOTAL** | | | **34.220,14** |

**Expediente 18/2021. APROBACIÓN DE FACTURAS E CERTIFICACIÓNS N.º UN E DOUS E FINAL DA OBRA MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO DA FEIRA VELLA.PLAN ÚNICO 2021 E FACTURA 1/2022 DE HONORARIOS PROXECTO E DIRECCIÓN OBRA DE FRANCISCO DAMIÁN PÉREZ RODRÍGUEZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**A.- APROBACIÓN DA FACTURA N.º A22.090 E A CERTIFICACIÓN N.º UN DA OBRA MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS:ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO DA FEIRA VELLA.**

Vista a factura núm. A22.090 de data 31/05/2022 presentada por CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. con NIF. B27250182, con domicilio social en Valiñadares núm. 8 de Mondoñedo, cun importe de 106.035,64 euros, IVE incluído, e referente á execución da obra denominada “MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA” incluída no_PLAN ÚNICO 2021 da Exma. Deputación Provincial.

Vista a certificación número un de obra emitida polo director das obras, o Arquitecto Técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade,

Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 37

ACORDA:
Primeiro.- Aprobar a certificación número un e a factura núm. A22.090 de data 31/05/2022, por importe de oitenta e sete mil seiscentos trinta e dous euros con setenta e seis céntimos (87.632,76.-) e un I.V.E. de dezaoito mil catrocentos dous euros con oitenta e oito céntimos (18.402,88.-), facendo un total de CENTO SEIS MIL TRINTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (106.035,64) da empresa Construcciones Isidro Otero S.L. con NIF. B27250182, e referente á execución da obra denominada "MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA"
Segundo.- Remitir certificación do presente acordo así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**B.- APROBACIÓN DA FACTURA N.º A22.094 E A CERTIFICACIÓN N.º DOUS E FINAL DA OBRA MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO DA FEIRA VELLA.**

Vista a factura núm. A22.094 de data 15/06/2022 presentada por CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. con NIF. B27250182, con domicilio social en Valiñadares núm. 8 de Mondoñedo, cun importe de 3.710,34 euros, IVE incluído, e referente á execución da obra denominada "MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA" incluída no_PLAN ÚNICO 2021 da Exma. Deputación Provincial.
Vista a certificación número dous e final de obra emitida polo director das obras, o Arquitecto Técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:
Primeiro.- Aprobar a certificación número dous e final e a factura núm. A22.094 de data 15/06/2022, por importe de tres mil sesenta e seis euros con corenta céntimos (3.066,40.-) e un I.V.E. de seiscentos corenta e tres euros con noventa e catro céntimos (643,94.-), facendo un total de TRES MIL SETECENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (3.710,34) da empresa Construcciones Isidro Otero S.L. con NIF. B27250182, e referente á execución da obra denominada "MODIFICADO MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE MASMA-PENA-TIAGONCE, PISTA POUSADA, RÚA REGO VILAZO E ENTORNO FEIRA VELLA"
Segundo.- Remitir certificación do presente acordo así como do correspondente xustificante de pago a Exma. Deputación Provincial



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 37

para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**CERTIFICACION NÚM. 1 E FACTURA 042/2022 E CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FACTURA 48/2022 DE SERGONSA SERVICIOS, S.L. POLA EXECUCIÓN DA OBRA "REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ".**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A)Vista a factura núm. 042/2022 de data 19/05/2022, rexistrada de entrada co núm. RSIR-561 o día 07/06/2022, presentada por SERGONSA SERVICIOS, S.L. con NIF. B-70372032, con domicilio social en Rúa Enrique Mariñas núm.6-1ºF (15009 A CORUÑA), cun importe de 33.214,56 euros, IVE incluído, e referente á PRIMEIRA certificación da execución da obra denominada *“PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ”*

Vista a Certificación núm. 1 da obra *“PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ”*, de data 30/04/2022, emitida polo redactor do proxecto e director das obras, o enxeñeiro industrial, D. Nicanor Piñeiro Sampedro de Estudios Inimatec, S.L.P.U.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Certificación núm. 1, e a factura núm. 042/2022 de data 19/05/22 por importe de Vinte e sete mil catrocentos cincuenta euros con cinco céntimos (27.450,05.-) e un IVE de Cinco mil setecentos sesenta e catro euros con cincuenta y un céntimos (5.764,51.-), facendo un total de TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.214,56.-) da empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. con NIF. B-70372032, referente á obra denominada *“PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ” (Exp.272/2021).*

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á empresa Sergonsa Servicios, S.L., con NIF. B-70372032 para o seu coñecemento e efectos oportunos así como ós servizos de Tesoureria para que se proceda ao abono correspondente.

B)Vista a factura núm. 048/2022 de data 20/06/2022, rexistrada de entrada co núm. RSIR-630 o día 20/06/2022, presentada por SERGONSA SERVICIOS, S.L. con NIF. B-70372032, con domicilio social en Rúa Enrique Mariñas núm.6-1ºF (15009 A CORUÑA), cun



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 37

importe de 101.742,48 euros, IVE incluído, e referente á SEGUNDA certificación da execución da obra denominada *"PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ"*

Vista a Certificación núm. 2 da obra *"PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ"*, de data 30/05/2022, emitida polo redactor do proxecto e director das obras, o enxeñeiro industrial, D. Nicanor Piñeiro Sampedro de Estudios Inimatec, S.L.P.U.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a Certificación núm. 2, e a factura núm. 048/2022 de data 20/06/22 por importe de Oitenta e catro mil oitenta e catro euros con noventa e nove céntimos (84.084,99.-) e un IVE de Dezasete mil seiscentos cincuenta e sete euros con oitenta e cinco céntimos céntimos (17.657,85-), facendo un total de CENTO UN MIL SETECENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E CATRO (101.742,84.-) da empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. con NIF. B-70372032, referente á obra denominada *"PROYECTO DE REFORMA E INSTALACIONES EN NAVE MULTIUSOS EN RECINTO FERIAL DE LOURENZÁ" (Exp.272/2021).*

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á empresa Sergonsa Servicios, S.L., con NIF. B-70372032 para o seu coñecemento e efectos oportunos así como ós servizos de Tesourería para que se proceda ao abono correspondente.

**Expediente 204/2020. SOLICITUDE DEVOLUCIÓN GARANTÍA CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. OBRA: "MELLORA VÍAS MUNICIPAIS CAMIÑO DA IGREXA DE SANTO ADRAO A CHACOTE E CAMIÑO A LINARES**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Á vista do expediente instruído a instancia de D. ISIDRO OTERO BELLO, con DNI. núm. ****4681Z en representación de CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L. con CIF. B27250182, con domicilio social en Valiñadares núm 8 de Mondoñedo con data 02/06/22 e núm. 2022-E-RE-241 de rexistro de entrada (Gestiona 204/2020) para a devolución da garantía definitiva depositada para a execución da obra: "Mellora de vías municipais Camiño da Igrexa de Santo Adrao a Chacote e Camiño a Liñares" constituída mediante Aval de Abanca núm. 663101 por importe de cuatro mil cincocentos setenta euros con setenta céntimos (4,570,70.-) de data 17/11/2020,



Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 37

tendo sido recepcionada dita obra o día 26/05/2021. Unha vez visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de data 09/06/22 en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:
Aprobar a devolución de dita garantía definitiva, Aval de Abanca núm. 663101 por importe de cuatro mil cincocentos setenta euros con setenta céntimos (4.570,70.-) á empresa adxudicataria Construcciones Isidro Otero S.L. e na súa representación a D. Isidro Otero Bello con D.N.I. ****4681Z.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 6RWZLMFF4FYFWJLTMM64RYDX5 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 37